

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)**

**Certifico:** Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2015, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**“PUNTO SEXTO.- PROPOSTA DE RENUNCIA AO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO PARA O SUBMINISTRO DE 8 VEHÍCULOS NA MODALIDADE DE RENTING.-**

A Xunta de Goberno Local de data 22 de maio de 2015, aproba o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa e varios criterios de adjudicación do subministro de oito vehículos na modalidade de renting para a flota do parque móbil do Concello de Ames.

O 16 de xullo de 2015 a concelleira delegada de Economía e Facenda, co visto e praxe do alcalde, propón a renuncia ao dito expediente de licitación por considerar que dado que os oito vehículos son unha necesidade permanente no funcionamento diario municipal, resulta mais conveniente un expediente de adquisición e non un de renting. Considera tamén convinte incluír a adquisición dun vehículo híbrido eléctrico en coherencia cun consumo enerxético responsable e sostible.

O 17 de xullo de 2015, estando convocada mesa de contratación para a apertura de ofertas económicas, a concelleira delegada de Economía e Facenda informa a tódolos presentes da súa intención de renunciar ao expediente de licitación e non se procede a dar apertura ás ofertas económicas.

Visto o anterior e a documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía (decreto 926/2015), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Renunciar ao expediente de licitación mediante procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa e varios criterios de adjudicación do subministro de oito vehículos na modalidade de renting para a flota do parque móbil do Concello de Ames, por considerar máis conveniente ao interese público municipal, un expediente de adquisición (que comprenda tamén a adquisición dun vehículo híbrido eléctrico), que un expediente de renting, dado que a adquisición permitiría dispoñer dos vehículos durante toda a súa vida útil conformando un parque móbil adaptado ás necesidades municipais.

**Segundo.-** Notificar o acordo de renuncia aos licitadores co réxime de recursos. Dado que nin os pregos nin o anuncio recollen nada ao respecto e dado que o expediente non recolle a presentación de garantía provisional, non se recoñecerá ningún dereito a indemnización aos licitadores.

**Terceiro.-** Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións e trámites sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a trinta de xullo de 2015, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe  
O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde